



**Expediente núm. 2021/E001/000012**

## **DECRETO DA CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS, INDUSTRIA E EMPREGO**

### **ANTECEDENTES DE FEITO**

1. Este concello conta con unha orientadora laboral (persoal laboral indefinido non fixo, situación declarada así por sentenza xudicial) que se atopa de baixa por incapacidade laboral temporal (IT) e que se presume de longa duración; situación á que seguirán, con toda probabilidade, outras que implican reserva do posto de traballo durante varios meses.
2. O concello solicitou unha achega económica ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2021 (código do procedemento TR331A), que impón determinadas condicións na selección, relativos ás persoas aspirantes propostas para a contratación (obtención dunha puntuación mínima dentro dun baremo de méritos que establece a propia Orde).
3. Providencia de inicio do proceso selectivo ditada o 23/08/2021 polo alcalde en funcións ao abeiro do Decreto núm. 1323/2021, do 22 de xullo (BOP núm. 140, do 27/07/2021).
4. Proposta de bases reguladoras do proceso selectivo, subscrita pola alcaldesa en funcións en data 25/08/2021. As ditas bases establecen como sistema de selección o de concurso-oposición libre, con dous exercicios obrigatorios, o primeiro deles eliminatorio.
5. En data 25/08/2021 o técnico de administración xeral (TAX) encargado da tramitación do procedemento emitiu un informe xurídico favorable.
6. Pola súa vez, o interventor accidental evacuou o informe de fiscalización núm. 339/2021, do 25 de agosto, emitido en sentido favorable.
7. Mediante o Decreto 1424/2021, do 26 de agosto, da alcaldesa en funcións, acordouse convocar o proceso selectivo e aprobáronse as súas bases reguladoras.
8. O anuncio da convocatoria foi publicado no *Boletín Oficial* da Provincia da Coruña (BOP) núm. 163, do 27/08/2021.
9. O prazo de presentación de solicitudes iniciouse o 28 de agosto e concluíu o 3 de setembro de 2021.
10. A través do Decreto 1462/2021, do 6 de setembro, aprobouse a relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, e concedeuse, de acordo co sinalado na base núm. 3 das da convocatoria, o prazo de cinco días hábiles -a contar desde a data de publicación da dita resolución, que tivo lugar o 7 de setembro- para efectuar reclamacións e emendar defectos, tanto os que se referían a calquera das causas de exclusión como os relativos á xustificación dos méritos.

Durante o expresado prazo, que expirou o 14/09/2021, presentaron escritos de reclamación e/ou emenda todas as persoas aspirantes inicialmente excluídas.

### **FUNDAMENTOS LEGAIS**

Consonte a base a base núm. 3 das que rexen a convocatoria procede ditar unha resolución -que se



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: jmca

publicará no taboleiro electrónico do concello- declarando aprobada a lista ou relación definitiva das persoas aspirantes admitidas e das excluídas. A mesma resolución debe incluír a composición do tribunal cualificador e sinalar o lugar, día e hora de constitución do órgano de selección e de celebración do primeiro exercicio

A Alcaldía é, en principio, o órgano competente para ditar a presente resolución en virtude da atribución conferida ao alcalde polo artigo 21.1, letras g) e h) da LRBRL. Porén, tal competencia foi atribuída á concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego mediante o Decreto núm. 993/2019, do 24 de xuño (BOP núm. 121, do 28/06/2019).

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

## 1. Aprobar a relación definitiva de persoas aspirantes ao proceso selectivo encamiñado á selección dun/ha técnico/a de orientación laboral (persoal laboral temporal)

a) Persoas aspirantes definitivamente **admitidas**:

APELIDOS E NOME	DNI (cifrado)	CELGA 4 (*)
Agromartín Vázquez, Noelia	***4463**	SI
Barro Rochela, Natalia María	*** 6520 **	SI
Bouza Naseiro, M <sup>a</sup> Pilar	*** 9690 **	SI
Cabarcos Ramil, María Teresa	***1345**	SI
Cereijo Romero, Sandra	*** 1449 **	SI
Del Cura San Juan, Elena	***1185**	SI
Díaz Felpeto, Ana	***7172**	SI
Lamas Beceiro, Mónica	***1162**	SI
López Muíño, Almudena	***0247**	SI
Pereira Rodríguez, María	*** 8007 **	SI
Regueiro Pérez, María Dolores	***6978**	SI
Sequeiro Graña, Cristina	*** 7189 **	SI
Souto Villa, Carmen	***3762**	SI
Villares Balsa, Eva	*** 7632 **	SI
Viñán López, Miriam	*** 8323 **	SI

### (\*) Aspirantes exentas de realizar a proba de lingua galega

b) Persoas aspirantes definitivamente **excluídas**: **ningunha**

2. O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, de conformidade coas bases da convocatoria, polo que, aínda no caso de se presentaren ao proceso selectivo, e mesmo superalo, se se comproba que non posúen algún dos requisitos decaerán en todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no procedemento.

3. Designar as seguintes persoas, todas elas persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, para integrar o órgano de selección (tribunal) na condición que en cada caso se indica:



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: jmca

## - Presidencia:

. Titular: José Sanjurjo Paz, funcionario da escala de administración especial (subgrupo A2) do Concello das Pontes de García Rodríguez.

. Suplente: Carlos Alberto Domínguez Adegá, técnico de administración especial (economista) do Concello das Pontes de García Rodríguez.

## - Vogalías:

1ª):

. Titular: María Belén Regueiro Vázquez, axente de emprego e desenvolvemento local (persoal laboral fixo) do Concello de Rábade

. Suplente: Katia Rouco Corral, persoal laboral fixo (grupo II) do Concello das Pontes de García Rodríguez

2ª):

. Titular: Matilde Montserrat González Rivera, persoal laboral fixo (grupo I) do Concello das Pontes de García Rodríguez

. Suplente: Eva Bergantiños Pérez, persoal laboral fixo (grupo I) do Concello das Pontes de García Rodríguez

3ª)

. Titular: Julia Guerreiro Rodríguez, funcionaria da escala de administración especial (subgrupo A2) do Concello das Pontes de García Rodríguez

. Suplente: Susana Bellas Bermúdez, funcionaria da escala de administración especial (subgrupo A2) do Concello das Pontes de García Rodríguez

## - Secretaría:

. Titular: Manuel Souto López, técnico de xestión do Concello das Pontes de García Rodríguez

. Suplente: Ana María Barba Pazos, funcionaria da escala de administración especial (subgrupo A2) do Concello das Pontes de García Rodríguez

4. Fixar **lugar, día e hora de constitución do tribunal e de realización do primeiro exercicio dos da fase de oposición**, nos seguintes termos:

a) Día: martes, **21 de setembro de 2021**

b) Lugar: **Sala de reunións do Mercado Municipal (primeiro andar)**

c) Constitución do tribunal: **09:30 h.**

d) Realización do primeiro exercicio: **09:45 h**

e) Convocar as persoas aspirantes para efectuar o primeiro exercicio no lugar, día e hora indicados.



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: jmca

f) As persoas aspirantes deberán levar o documento de identificación (DNI ou pasaporte), e acudir provistas de bolígrafo azul tipo *bic punta normal*.

5. Establecer as medidas de **prevención** necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola **COVID-19**, como a seguir se indica:

a) As persoas aspirantes deberán levar máscara. En todo momento cumprirán as instrucións do Tribunal e do persoal colaborador deste.

b) Deberán facer uso obrigatorio do xel hidroalcohólico posto a disposición á entrada e saída do lugar de realización da proba.

c) O tribunal resérvase a adopción de medidas complementarias de control no acceso e calquera outra que se considere procedente segundo as disposicións sanitarias vixentes en cada momento.

6. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial* da Provincia da Coruña e no taboleiro electrónico do concello (<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/informacion/>) para os efectos de impugnacións e recursos. municipal.

7. Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida mediante a interposición de recurso potestativo de reposición ante a Concellaría Delegada competente, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación no taboleiro electrónico, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente a través da interposición de recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol -ou o que resulte competente se a persoa recorrente fai uso da facultade de elección que lle permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA)-.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións coide oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura electrónica á marxe consignada

A concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego

Ana María Pena Purriños